

# A ORGHULLOSA

Soutomaior

27 DE XUÑO ORGULLO LGTBIQ+

3ª FESTA DAS IDENTIDADES DIVERSAS E DISIDENTES

CARBALLEIRA DO PEIRAO



COLABORA:



ORGANIZA:



# PROGRAMACIÓN

## FIESTRAS ORGULLOSAS

O Concello pon a disposición de todas as persoas empadroadas interesadas unha bandeira para decorar as súas fiestras e balcóns como visibilización do orgullo LGTBIQ+, CREANDO ESPAZOS DIVERSOS E SEGUROS.

**Punto de recollida:** CIM (Centro de Benestar Integrado) e Concello de Soutomaior. Ata finalizar existencias.

## ILUMINACIÓN DO CENTRO DE BENESTAR INTEGRADO

Visibilización do espírito da orgullosa nas dependencias da administración local, como visibilizarían cara as identidades diversas.


# 26 DE XUÑO

## PRESENTACIÓN E CHARLA CO AUTOR SOBRE O LIBRO "VIDA E HISTORIA LGBT DA IDADE MEDIA" DE CARLOS CALLÓN

**20:30h. Carballeira.**

Charlaremos con Carlos Callón sobre a evolución da diversidade LGTBIQ+ ao longo da lade Media centrada en Galicia, rompendo o que poidamos pensar sobre esa etapa.

**Entrada DE BALDE** ata completar o aforo.



# 27 DE XUÑO

## ANDAINA. CARITAINA. HISTORIA E PAISAXE

**10:00h. Peirao de Arcade**

Ruta circular de aproximadamente 8 quilómetros, de dificultade media e cun desnivel acumulado de arredor de 200 metros.

A andaina comeza no peirao de Arcade e percorre espazos de grande valor histórico e paisaxístico ata chegar ao espectacular miradoiro da Caritaina, un excepcional miradoiro sobre a Ría de Vigo. Durante o percorrido atravesaremos Pontesampaio, lugar emblemático pola súa relevancia histórica e pola súa estreita relación coa ría e co Camiño de Santiago. O regreso realizarase pola zona da Insuiña, entre camiños tradicionais, vistas costeiras e recunchos cheos de identidade local. Un itinerario pensado para descubrir a riqueza natural, cultural e histórica de Soutomaior e os seus arredores, a través dunha experiencia interpretativa e participativa.

Inscripcións en liña do 15 ao 22 de xuño. 50 prazas.

## PINTA CARA CRIANZAS

**13:00-15:00h. Carballeira**

## LECTURA DO PREGÓN A CARGO DE ALICIA ARRUTI

**13:30h. Carballeira**

## SESIÓN VERMÚ A CARGO DE O RABELO E NENAZA

Sesión de música Tradi, Tekno e Reguetón.

## MARIPICNIC NO PEIRAO DE ARCADE

Trae a túa tortilla, un bo bolo, o teu instrumento e ganas de compartir



## **LABORATORIO 1. OBRADOIRO DE BORDADO**

**17:00-19:30h. Peirao de Arcade**

Celebra a diversidade a través do bordado. Cada participante personalizará unha funda móbil mediante bordado e decoración inspirada na estética e os símbolos do orgullo LGTBIQ+.

A través das cores, frases, iconas e composicións libres, crearase un accesorio único que reflicte a identidade, creatividade e expresión persoal. Durante a sesión aprenderás puntos básicos de bordado e técnicas sinxelas de customización textil.

Inscripcións en liña do 15 ao 22 de xuño. Prazas limitadas

## **LABORATORIO 2. CREA O TEU BROCHE ORGHULLOSO**

**17:30-19:30h. Peirao de Arcade**

Obradoiro creativo de decoración de broches de arxila. Pinta e personaliza o teu propio broche con cores, formas e moita imaxinación.

Un espazo para celebrar a diversidade, a creatividade e o respecto mentres te divirtes creando unha peza única.

Inscripcións en liña do 15 ao 22 de xuño. Prazas limitadas (15).

## **CONTA CONTOS DIVERSOS A CARGO DE CRIS DE CALDAS**

**19:00-20:00h. Carballeira**

### **PINTA CARA**

**18:00-20:00h. Carballeira**

## **LABORATORIO 3. BAILANDO EN LIBERDADE CON MARCELO DOBODE**

**20:00h. Carballeira**

Para bailar en liberdade. Danzaremos o noso xeito, jotas, muñeiras e agharrados.



## SHOW ASHYLLEI FERRARO. MIS GAY BRASIL 2005

21:00h. Carballeira

## FESTA HOLI DIVERSA

21:30h. Carballeira

Miles de cores voarán sobre Soutomaior nunha grande Festa Holi para celebrar o Orgullo. Música, diversión e lanzamentos colectivos de pos de cores converterán a praza nunha auténtica explosión de diversidade e ledicia.



Entrega de bolsas holi con camiseta, polvos holi biodegradables e pintura de cara Arco Iris.

Ambientada cun DJ.

COLABORA:



ORGANIZA:

